

2º PRIMARIA. 22 ABRIL 2020

LINGUA

Bo día chic@s! Como está indo a semana? Espero que moi ben!!

Hoxe vamos a comezar a clase cun conto moi guai!! Lee atentamente o conto e despois contesta ás preguntas:

O tren e a Lúa

Este era un tren moi velliño que facía a viaxe desde Vilabaixa a Vilalta co Sol, e de Vilalta a Vilabaixa coa Lúa, e na viaxe cantaba:

—POUCO A POUCO, POUCO A POUCO, POUCO A POU-
CO...

No tren ía Xaquín, o encargado da canteira, o señor Farruco, a señora Lela, coa súa sella; e Isidro, o maquinista, que era tan vello coma o tren.

O tren chega a Vilalta e Isidro, o maquinista, dilles como cada día:

—Á noitiña, imos de volta.

Pasa o día, vén a noite e o tren empeza a cantar:

—POUCO A POUCO, POUCO A POUCO...



Pero hoxe, a medio camiño, o tren apaga a luz e para. Isidro, o maquinista, está moi preocupado, dálle un grolo de auga fresca, échelle o bandullo ata arriba de carbón. Pero, nada, o tren non arrinca. Isidro, o maquinista, tómbase debaixo do tren, engráxalle ben os eixes con aceite do bo, revisa as vías, pero o tren segue sen poñerse en marcha.

—Se cadra é que ten o cristal embazado —di o señor Farruco.

Isidro, colle un trapo de algodón e frega ata que non deixa no cristal nin unha pegadiña de bolboreta. Pero, nada, o tren, quieto.

—E se o empurramos un pouco? —di Xaquín. E ala!, todos a empurrar. Pero o tren, nada, non se move, nin un paso de lebre, nin un pasiño de pulga.

—Estes trens vellos son como nenos, ás veces teñen medo —di para axudar a señora Lela.

Entón, Isidro saca o farol e ensínalle a vía. Pero o tren, nin caso. Isidro, o maquinista, preocupado de verdade, senta nos chanzos e esconde a cara entre as mans.

—Nós imos indo a pé —dille Xaquín dándolle unha palmeada nas costas. E os viaxeiros marchan pola vía como unha procesión de lucecús.



—Hoxe deuche por agocharte, Lúa Catarina —di Isidro, o maquinista con preocupación.— Como tardes moito, vai vir unha máquina, moderna e rápida, que levará o tren a rastro e nunca máis o deixarán viaxar.

Entón Isidro, o maquinista, quita as mans da cara porque, entre os dedos, colóuselle un resplandor branco, levanta a cabeza e ve a Lúa, máis gorda e máis branca que nunca.

A Lúa sorrí e, medio adurmiñada, voa por enriba das nubes, dos montes, das árbores... Baixa amodiño, cóase dentro do tren e este arrinca por fin cantando:

—POUCO A POUCO, POUCO A POUCO...

Despois de ler

1. Escribe V se é verdadeiro e F se é falso:

- ☐ Lela levaba unha sella.
- ☐ O tren ía de Vilabaixa a Panxón.
- ☐ Isidro deulle un grolo de zume de laranxa.
- ☐ Un coello parou o tren.
- ☐ Os viaxeiros marchan pola estrada.
- ☐ A Lúa voa por enriba das nubes e dos montes.



2. Completa:

Cando Isidro frega o cristal non deixa nin unha

Cando empurran, o tren non se move nin un paso de lebre nin un

3. Le e contesta:

- Este conto fálanos dun tren que xa era velliño, pero o seu maquinista e os viaxeiros coidábano con agarimo.
- Seguro que teus avos te coidan ás veces e o pasas moi ben con eles, non si?
- Que cousas fas ti polos teus avós? Escríbeas e compárteas cos compañeiros e coas compañeiras da clase.

Para finalizar vamos a facer un poquiño do libro. Vamos a páxina 84. Que é o elefante e a formiga? Un poema!! Comezaremos a lelo e, a continuación, realizaremos os exercicios.

Recorda enviarme o teu traballo e as túas dúbidas ao correo: profepaulatrabada@gmail.com

ED.FÍSICA.

Bo día chic@s!! Que tal vai a semana? Espero que moi ben!!!

É UN DÍA ESPECIAL!! Como sabedes hoxe é o día da terra e dende Educación Física vamos a celebralo cunha canción: Madre Tierra de Chayanne.

Xa vin que a estivéstedes escoitando asíque hoxe vamos a traballar con ela de dúas maneiras.


En primeiro lugar, moverémonos ao ritmo da música cun pouco de zumba!!

<https://drive.google.com/file/d/16uPwOW86DRhWkUuQboz7MLS9Y4hKkatC/view?usp=drivesdk>

Agora é o voso turno de crear: podedes elixir entre unha destas dúas opcións:

- 1. Crear un vídeo de 30 segundos interpretando a canción (podedes utilizar aplicacións como tik tok, a cámara de vídeo do movil...) deixade voar a vosa imaxinación.*
- 2. Facer un xogo reciclado para axudar ao medioambiente. Aquí tedes dúas ideas:*

Peonza:



Laberinto:



Envía as túas creacións ao meu correo: profepaulatrabada@gmail.com